



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PADERNE

Padrón auga 2026

ANUNCIO APROBACIÓN PADRÓN AUGA 2026

Con data 30.06.2026 por esta alcaldía aprobouse inicialmente o padrón da taxa por subministro e utilización de auga potable do Concello de Paderne do exercicio 2026. Incluído o canon da auga da Xunta de Galicia. (BOP número 298 de 30.2.2003), aprobación modificada por resolución de alcaldía de 01.07.2026:

IMPORTE TOTAL: 21.530,50 euros

TOTAL RECIBOS: 445

O padrón aprobado expone ao público nas oficinas deste concello durante quince días, contados a partir da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que poida ser examinado e presentar as oportunas reclamacións. No caso de no presentarse reclamación, a citada aprobación elevarase automaticamente a definitiva.

Esta exposición servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, Lei 58/2003, do 17 de decembro.

Contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpor recurso de reposición ante a alcaldía, según o disposto no artigo 108 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 14.2 do RDL 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. A interposición de recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes desde a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Non obstante, se o consideran oportuno, os interesados poderán empregar e exercitar calquera outro recurso que se estime conveniente.

De acordo co artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais, a falta de pagamento do canon da auga da Xunta de Galicia no períodos voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o o órgano económico administrativo da Comunidade autónoma de Galicia no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do presente acordo no BOP

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos oportunos.

Paderne, 01/07/2026

O alcalde, Sergio Platas Casal

2026/4430